



## EAPN-GALICIA, MEMORIA RESUMO 2012

A **Rede Galega Contra a Pobreza, EAPN-Galicia** nace no ano 2008 xuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social e na defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-Es) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.



**EAPN Galicia** defende os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, mediante a incidencia política e social.

E para elo, as relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede condúcense conforme aos seguintes **valores**: *independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade*

As **prioridades estratéxicas** da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) para o período 2013-2015 son as seguintes:

1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de **incidencia en políticas sociais**
2. Liderar o proceso de **articulación do terceiro sector de acción social** en Galicia
3. Consolidar a estrutura organizativa da Rede

### Forman parte da EAPN-Galicia

**ACCEM Galicia** \* Asociación Boa Vida Inclusión Activa \* Asociación Plataforma polo Emprego \* Cáritas Diocesanas de Galicia \* Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) \* Emaús Fundación Social \* Federación Autismo Galicia \* Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) \* Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) \* Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) \* Fundación Érguete Integración \* Fundación Juan Soñador \* Fundación Meniños \* Fundación Secretariado Xitano \* Fundación Ronsel \* Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)

### II FORO SOBRE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (28 e 29 de xuño, Facultade de CC Políticas e Sociais da USC)



Santiago de Compostela acolleu o II Foro Galego sobre Pobreza e Exclusión Social baixo o título “**déficit público vs. déficit fiscal**”.

Contamos coa participación de 14 relatores expertos nas súas materias, a Secretaria Xeral de Política Social, a Subdirectora de Inclusión Social e a Decana da Facultade de CC Políticas e Sociais. Destacadas as intervencións de Carlos Cruzado (Déficit público vs. déficit fiscal) e José Antonio Ramírez (**A situación actual das políticas sociais. Presente e futuro do estado do benestar**).

EAPN organiza este Foro coa ambición de se converter no encontro de referencia en Galicia que afronte e analice a problemática da pobreza e a exclusión social dende o triplo punto de vista da EAPN: europeo, español e galego.

### SEMINARIO DE FORMACIÓN EN FONDOS ESTRUTURAIS (21 de setembro, Facultade de CC Económicas da USC)



24 técnicos e directivos de Entidades Sociais Galegas tiveron a oportunidade de coñecer información actualizada sobre a situación dos Fondos Estruturais e formarse na materia da man de Rosalía Guntín (membro da Task Force de FSE en EAPN-Europa e coordinadora do Grupo de Traballo de FF.EE. en EAPN-España) e Adolfo Patón (coordinador do Grupo de Traballo de FF.EE. en EAPN-Castilla-La Mancha)

### III ENCONTRO DE CIDADANÍA INCLUSIVA (6 de outubro, Cidade da Cultura)

O obxecto deste **encontro de persoas en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión social** é o de fomentar o intercambio de experiencias, opinións e reflexións que permitan situar **a persoa e a súa participación no centro da acción pola inclusión**.

Baixo o lema “**A hora das persoas, aportando ao desenvolvemento**” o III Encontro contou con máis de 70 participantes, ademais de representantes de entidades do Terceiro Sector Social Galego.

## EAPN-GALICIA, MEMORIA RESUMO 2012



En plena campaña electoral centramos a primeira parte do Encontro na participación política, introducida por Carlos Susías (Presidente de EAPN-Es) e abordada tamén a través dunha mesa redonda con representación dos partidos políticos que tiñan presenza parlamentaria nese momento. As persoas participantes puideron plantexarlles, directamente, as súas preocupacións.

Tamén reflexionamos sobre o que cada quen pode facer para tomar as rendas da súa propia vida, partindo dunha mesa redonda de experiencias moi interesantes.



## CAMPAÑA DO IRPF 2012 PARA FINS SOCIAIS: X SOLIDARIA.

O sector solidario impulsor desta Campaña considera vital que, nun contexto de crise financeira que afecta aos colectivos máis vulnerables e desprotexidos, se siga incrementando a recadación da cota íntegra dos contribuínte para Fins Sociais.

O obxectivo da campaña é concienciar ás persoas contribuíntes sobre a necesidade de marcar o cadro de Fins Sociais na declaración da renda e aportar o 0,7% da cota íntegra a programas para os máis desfavorecidos: persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia, mulleres, etc.

Esta campaña é unha iniciativa de ámbito estatal impulsada pola Plataforma de ONG de Acción Social. En Galicia é liderada por **EAPN-Galicia**, **FADEMGA**, a **CGONGD** e a **FAXPG**.

A campaña foi presentada á prensa en Santiago de Compostela o 4 de maio na Casa das Asociacións. Ademais de dar a coñecer os datos relativos á nosa Comunidade (beneficiarios, , cuantía do IRPF adicado a fins sociais...) contamos coa testemuña dunha persoa beneficiaria dun programa sostido con fondos procedentes do IRPF



### EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA: PRIORIDADE I, Pobreza e Exclusión Social



No ano 2011 EAPN-Galicia convoca un concurso no que aposta pola imaxe fotográfica como motor de inclusión social para facer visibles situacións de exclusión social ao conxunto da sociedade, involucrar a fotógrafos profesionais e afeccionados en realidades que na maior parte dos casos lles resultaban alleas e sobre todo, para pór a disposición das persoas en situación ou risco de exclusión social un vehículo de expresión propio.

As fotografías presentadas ao concurso están relacionadas coa temática "A Pobreza e Exclusión Social en Galicia".

Gañadoras e finalistas forman unha exposición que durante o ano 2012 puido visitarse en **Lugo** (Centro Comercial As Termas e Museo Provincial), **Vigo** (Delegación Territorial da Xunta de Galicia) e **Ourense** (Auditorio Municipal e Centros Cívicos)

### A Incidencia Política

A convocatoria de eleccións autonómicas impulsou a elaboración dun documento de demandas sociais para tódolos partidos co que seguimos a traballar cos grupos parlamentarios.

A **batería de propostas** quedou resumida nas seguintes:

1. Garantía real e efectiva dos dereitos fundamentais e dos dereitos sociais.
2. Redución das desigualdades mediante un modelo social máis xusto e equitativo.
3. Un pacto autonómico pola inclusión social que implique ás distintas Administracións Públicas, partidos políticos e ao Terceiro Sector.
4. Políticas activas de emprego: redución do desemprego e apoio ás persoas desempregadas.
5. Mellorar o rendemento escolar e asegurar a escolarización efectiva.
6. Garantir unha vivenda digna para todas as persoas.
7. Reforzar e mellorar os servizos sociais.



## EAPN-GALICIA, MEMORIA RESUMO 2012

8. Optimizar a rede de prestacións e rendas mínimas.
9. Loita decidida contra a fraude fiscal e mellora da transparencia.
10. Implantar un plan de apoio ao Terceiro Sector de Acción Social

### Iniciativa Lexislativa Popular sobre a lei hipotecaria



A proposta de EAPN-España asumimos o apoio á ILP hipotecaria desde Galicia. EAPN-Galicia foi Oficina de Coordinación Territorial e defendemos a **dación en pago retroactiva, a paralización dos desafiuzamentos e o aluguer social.**

A presentación pública da campaña se fixo, conxuntamente, coas Secretarías de Política Social dos sindicatos CCOO e UGT.

A presentación **de 1.402.854 sinaturas** garante a tramitación parlamentaria da Iniciativa ao superarse amplamente as 500.000 requiridas. En Galicia recolléronse 30.283 sinaturas.

### A Rede: Grupos de Traballo

#### - Grupo de Participación:

Formado por representantes de Down Galicia, Igaxés2, Accem Galicia e Fundación Juan Soñador. Organiza e dinamiza o II Foro sobre Pobreza e Exclusión Social e o III Encontro de Cidadanía Inclusiva.

#### - Grupo de Fondos Estruturais:

Formado por representantes de Cogami, Cáritas, a Fundación Secretariado Xitano, Feafes, Autismo Galicia e a Fundación Ronsel, organiza o Seminario de Formación en Fondos Estruturais e establece canles de comunicación co Director Xeral de Planificación e Fondos da Xunta de Galicia.

#### - Grupo de Desenvolvemento Normativo:

Formado por representantes de Cogami, Fundación Secretariado Xitano, Down Galicia, Fundación Meniños, Igaxés3 e Fundación Érguete para facer seguemento das iniciativas lexislativas do goberno e avanzar no traballo sobre cláusulas sociais na contratación pública

Co apoio de:



POR SOLIDARIDAD  
**OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL**